

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n
27240 Meira
Lugo
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO

O luns día 06 de xullo de 2020 saíu publicada no DOG a resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas sobre as axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia.

BENEFICIARIOS E CONTÍA

- **Liña Emprende:** liña de axuda destinada a promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable. Poderán acollerse empresas de nova creación formadas por mulleres e cuxo inicio da actividade económica se produza entre o 1 de agosto de 2019 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. **A contía da axuda varía entre os 8.000 e os 20.000 euros.**
- **Liña Innova:** liña destinada a promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora de competitividade nas empresas constituídas por mulleres, e que impliquen a creación de emprego feminino. Poderán acollerse as empresas formadas por mulleres que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial de xeito ininterrompido durante un mínimo de 2 anos e un máximo de 5 anos na mesma actividade para a que proxecta a mellora. **A contía da axuda varía entre os 12.000 e os 20.000 euros.**
- **Liña Activa:** liña para favorecer a reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa. O inicio da actividade económica e a actividade laboral da promotora ou promotoras ten que terse producido con antelación ao 1 de agosto de 2019. **A contía da axuda varía entre os 6.000 e os 15.000 euros.**
- **Liña ITEF:** liña destinada a impulsar a implantación de iniciativas empresariais con carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica promovidas por mulleres e que supoñan creación de emprego feminino. Poderán acollerse empresas de nova creación constituídas por mulleres e cuxo inicio da actividade se produza no período comprendido entre o 1 de agosto de 2019 e a data de fin de prazo de presentación de solicitudes. **A contía da axuda varía entre os 16.000 euros e os 40.000 euros.**
- **Concilia:** axuda complementaria ás liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para conciliar a vida persoal, familiar e laboral. Poderán acollerse tanto as mulleres promotoras como as traballadoras incorporadas á empresa. **A contía da axuda varía entre os 1.000 e os 5.000 euros.**

PRAZO:

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES** contado a partir do día seguinte á data de publicación da resolución.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982346222, 982330102 ou 982333601.

Meira, 08 de xullo de 2020.

